



CONCELLO DA RÚA

www.arua.gal

Tel. 988310116 Fax. 988311321
Correo electrónico. info@arua.gal
Praza José Antonio Míguez Freire, 1
32350 A RÚA

BASES DO VIº CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “OLLADAS DE IGUALDADE” CONCELLO DA RÚA

1. OBXECTO

O Concello da Rúa convoca o VIº Concurso de Fotografía “Olladas de Igualdade”, no que se valorará fundamentalmente que os traballos presentados versen sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre a visibilización do traballo da muller.

2. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O Crédito asignado está contemplado no Orzamento do Concello para o exercicio económico 2021 dentro da partida 231.227.

3. PARTICIPANTES

Poderán concursar no mesmo cantas persoas maiores de 18 anos o desexen. A participación neste concurso supón a total aceptación destas bases.

Non poderán participar as/os traballadoras e traballadores do Concello así como os membros da corporación municipal.

4. TEMÁTICA

As fotografías presentadas deberán facer alusión ao traballo da muller, tanto remunerado como non remunerado, así como á reafirmación da igualdade laboral entre mulleres e homes.

5. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

- a. Poderanse presentar ao concurso fotografías en branco e negro ou cor. Non se considerarán válidas as fotomontaxes pero sí se poderán retocar as fotos con programas de tratamiento de imaxes.
- b. As fotografías terán un tamaño mínimo de 18x24 ctms. e máximo de 30x40 ctms. Poderanse presentar impresas en papel fotográfico ou ben en soporte ríxido como papel-pluma ou similar.
- c. As fotografías presentadas deberán de ser orixinais e inéditas e non ter sido premiadas con anterioridade en ningún outro concurso ou certame. A tal efecto, as/os concursantes realizarán unha declaración xurada na que manifesten referidas cuestiós.
- d. O número máximo de fotografías a presentar por cada concursante será de dúas.
- e. Ao dorso da foto deberán figurar o título e/ou o lema. Acompañarase dun sobre pechado que conterá no seu interior o lema xunto co nome e apelidos, enderezo, teléfono, copia do DNI da autora ou autor e a declaración xurada anteriormente referida. No exterior do sobre indicarase únicamente o título da obra presentada.
- f. As fotografías premiadas pasarán a ser propiedade do Concello da Rúa, que reservará todos os dereitos para o seu uso, reproducción e difusión durante un prazo de 5 anos facendo sempre mención á autoría.

6. LUGAR DE ENTREGA E PRAZO DE PRESENTACIÓN



CONCELLO DA RÚA

www.arua.gal

Tel. 988310116 Fax. 988311321
Correo electrónico. info@arua.gal
Praza José Antonio Míguez Freire, 1
32350 A RÚA

O prazo de presentación de orixinais irá do **23 de abril ata o 18 de maio**, ambos inclusive.

O sobre cos datos persoais, acompañado dos orixinais, irá incluído dentro dun sobre que se remitirá a:

Concello da Rúa
VIº Concurso Olladas de Igualdade
Praza José Antonio Míguez, 1 - 32350 A RÚA

7. EXPOSICIÓN

Unha vez feita a comprobación de que todos os orixinais se axustan ás bases as fotografías presentadas estarán expostas durante todo un mes na Casa da Cultura ou no Centro Cultural Avenida. O lugar escollido de entre os dous mencionados, darase a coñecer trala resolución do concurso. No caso de que no mes citado a situación sanitaria provocada pola COVID19 non permitise actividade dentro de ditas instalacións, as fotografías serán expostas en canto a situación se restableza.

Debido ó Estado de Alarma decretado no mes de marzo do ano 2020, xurdiu a imposibilidade de levar a cabo a exposición das fotografías presentadas na V Edición, polo que a exposición deste ano tamén recollerá unha sección coas fotografías participantes dessa edición.

Finalizada a exposición, as fotografías non premiadas poderán ser retiradas no prazo dun mes a partires do remate da mesma. As non recollidas pasarán a ser parte do arquivo municipal.

Unha vez resolto o concurso, aqueles participantes que desexen que a súa fotografía sexa publicada na páxina de Instagram oficial do Concello (<https://instagram.com/concelloarua>), a enviarán, en formato png ou jpg, á dirección de correo electrónico: cultura@arua.gal. Na devandita publicación, sinalarase o nome do autor da mesma e o concurso ó que corresponden.

8. XURADO

O xurado estará integrado polo alcalde ou persoa en quen delegue, dúas/dous representantes do Departamento de Servizos Sociais e Igualdade e dúas/dous representantes do ámbito cultural e da fotografía. O xurado fallará o concurso o mércores 19 de maio e o fallo farase público o xoves 20 de maio.

9. PREMIOS

Establécese un primeiro premio de 150€, un segundo premio de 75€ e un terceiro premio de 50€. Os premios poderán ser declarados desertos se, a criterio do xurado, ningún traballo posuise os méritos necesarios para obtelos.

As contías dos premios serán entregadas mediante transferencia bancaria, coa posibilidade de levar a cabo unha entrega simbólica a presencia das persoas premiadas.



CONCELLO DA RÚA

www.arua.gal

Tel. 988310116 Fax. 988311321
Correo electrónico. info@arua.gal
Praza José Antonio Míguez Freire, 1
32350 A RÚA

A participación neste concurso conleva a plena aceptación destas Bases e do fallo do xurado, así como a decisión do xurado ante calquera imprevisto non recollido nas mesmas. A resolución de todas as cuestiós que puideran xurdir sobre a interpretación das Bases será de exclusiva competencia do Xurado que a tal efecto se designe.

A Rúa, a 20 de abril de 2021

